



Imaxes da festa

Proxecto Educativo Europeo  
"WWW.FESTPOP.EDU"

Enquisa para a catalogación das festas populares / Tabulación de respostas

**1. Nome da festa**

**1.1 Orixinal:** As San Lucas

Esta festa non corresponde a Ribadeo, sendo unha referencia próxima.

**1.2 Traducción:** *Festas das San Lucas*

**2. Lugar**

**2.1 País:** España

**2.2 Rexión:** Galicia

**2.3 Localidade:** Mondoñedo

**3. Tempos**

**3.1 Data día/mes:** A festa propiamente dita é o día 18 de outubro, se ben os festexos esténdense varios días arredor, uns cinco aproximadamente segundo o ano.

**3.2 Duración:** uns cinco días.

**3.3 Horario:** Durante todo o día, se ben as actividades varían coa hora.

**4. Descrición**

**4.1 Ocasión/ motivación:** Os festexos rememoran a consagración da Santa Igrexa Catedral de Mondoñedo, nese día de 1248, entroncando coa festa na honra de S. Lucas e a compra/venda de gando.

**4.2 Orixe (festa relixiosa / pagá):** relixiosa, se ben aproveitada para realizar tamén unha feira.

**4.3 Ambiente:** gando, larpeiradas, música e baile.

**4.4 Elementos esenciais (s se son esenciais, n se non o son):** ritos relixiosos na igrexa: na actualidade, non nun primeiro plano, se ben permanecen nun segundo lugar.

Procesións: tradicionalmente non, hai unha procesión de orixe recente.

Participación directa dos presentes: non, se exceptuamos momentos concretos como algunha exhibición a caballo improvisada, ou os bailes na verbena.

Desfile en traxe típico: si, se ben co mesmo sentido que noutras festas da comarca.

Carrozas: si, a da raíña das festas.



Fogos artificiais: si. Concéntranse na noite, na verbena.  
Teatro de rúa: si, xigantes e cabezudos por unha banda e saltimbanquis e músicos por outra.  
Xogos tradicionais: si  
¿cales?: O tanguero. Na actualidade en desuso, consistía nun guerreiro de pao usado antigamente de forma que, articulado sobre un eixe, era golpeado, e daba voltas cun contrapeso (vexigas de cocho) que podía, á súa vez, golpear.  
Música e baile:  
Banda: si.  
Grupos espontáneos de músicos: si.  
Cantos: si.  
Bailes tradicionais: si. O normal é a interpretación dalgún grupo tradicional, incluíndo bailes.  
Bailes modernos: si. Os realizados coa interpretación das orquestras.  
Participación principal (h, homes; m, mulleres; n, nenos; x, xoves): todos. Hai actividades para todos os grupos.  
Venda de produtos artesanais locais: si. Coiro (en particular, arreos de gando), cestería, ferros (apeiros de labranza e útiles diversos) asemade, chigres e vendedores ambulantes.  
Alimentos tradicionais: castañas e mel, de xeito principal.  
Animais: si. A feira de gando é a base tradicional; de xeito que moitas veces fábase delas como de "A feira" e non de "A Festa". A venda, hoxe en día, é sobre todo de cabalos salvaxes, pero tamén de gando bovino).

Feira / mercado: si. Con aparellos agrarios de xeito principal.

Outro:

## 5. Informacións útiles

**5.1 Para saber máis (Bibliografía, documentos, .....):** Na biblioteca municipal e na oficina de Turismo de Mondoñedo.

**5.2 Como se chega:** A Mondoñedo chégase de xeito principal pola estrada N-634 dende Vilalba ou dende a costa de Lugo. Mondoñedo está preto da costa do mar Cantábrico, a 43°28'N, 7°32'W.

**5.3 Pode requirirse información a:** Concello de Mondoñedo ou Oficina de Turismo.

Datos recollidos por: Fátima López

**6. Comentario xeral / Aclaracións ós datos antes expostos e outras informacións.**

Dende o ano 1156, gracias ó escribán Xan dos Muños, sabemos da existencia da feira das San Lucas, moi coñecida pola compravenda de gando. O rei concedía o facer feiras e con motivo da consagración catedralicia, quedou asociada a feira á mesma.

Se pasas por Mondoñedo ou arredores, é obrigado facer unha pequena visita a esta urbe de pedra relixiosa. Se é durante o outono, a mediados de outubro, ademais de visita-la cidade, deberás visita-las grandes festas das San Lucas.

Xa dende antergo a feira das San Lucas chama a moita xente, sobre todo do sector primario. O máis importante quizais sexa a feira do gando. Esas reses que cheiran a bravura e bo feito, con carnes curtidas polas duras condicións das montañas. Nesta feira non só hai cabalos (animal máis significativo da feira) tamén se poden atopar vacas e bois, cabras, carneiros e ovellas.

Á parte da feira gandeira, ó longo da rúa Calvo Sotelo e Leiras Pulpeiro, dende a Alameda ata a Catedral, séguense un senfín de postos de roupa, calzado, ferramentas e trapalladas; mesturados entre eles, atópanse improvisados músicos, teatreiros e saltimbanquis. Na Alameda, vixiada pola igrexa dos Remedios, atópanse as orquestras, as atraccións, as polberías, os bares, os postos de larpeiradas, e como non, os postos de roscas, bolas de pan e empanadas. ¿Quen se vai das San Lucas sen probar un destes manxares?

Dende o 93, Mondoñedo conta con outra atracción máis, a Feiramuestra, no campo da antiga escola agrícola ou no pavillón municipal. Nesta exposición, podes encontrar maquinaria agrícola, plantas e árbores de repoboación, mobles, coches novos e antigos, pensos, sulfatos e abonos, cantería, queixos, doces, artesanía, utensilios caseiros e tamén hai un espazo adicado á repostería mindoniense: a torta de Mondoñedo. Tódolos anos adícaselle un día a un concello da Mariña Lucense e a un concello asturiano. Outro aspecto salientable é a presenza de satinbanquis, malabaristas, e teatreiros que no ano pasado (1998) tiveron unha gran acollida no espectáculo realizado. Ademais, tamén podes gozar, entre outras cousas, dos museos do mago Merlín de Mondoñedo, espectáculos para cativos e maiores, bailes tradicionais, a maxia do mago Antón, verbena e concertos.

Unha figura a destacar das San Lucas son as Sanluqueiras. Son as raíñas das festas. Estas abren as festas, a feira e a feiramosta.

É unha das feiras máis importantes do ano na zona, ó tempo que unha festa popular á que acode xente de todo o contorno. E, por des-



contado, os tratantes de gando, que lle proporcionan o seu vigor.

O lugar é un sitio célebre para as polbeiras, que se establecen ó longo da vila e que subministran polbo, pan artesán e viño.

Unha tradición de Mondoñedo é a súa torta, feita con cabelo de anxo e améndoas, que se vende ó longo de todo o ano pero en particular nestas datas.

Tamén se vende mel e castañas, útiles artesáns como gadañas ou chocas, útiles de madeira, coitelos e navallas, ou de cociña, como churreiras. Complétase a venda con cintas audio e outras moitas cousas de pequeno tamaño, así como cos produtos que ofertan as palilleiras e a xente que traballa a cerámica, da que Mondoñedo ten varios representantes de sona.

O movemento que se observa nos postos decide hoxe que a feira se manteña con vigor. Na actualidade ten importancia tamén a exposición de gando, promocionada cos seus premios. O gando, en particular, os cabalos, son recollidos o día anterior e levados polos "bruneses" en camiñatas pola noite.

As familias reúnen para comer polbo (e tamén lacón cocido) nos postos ambulantes, en substitución das merendas celebradas antigamente, nas que as familias levaban a comida a un campo nos arredores da poboación.



Os Cabalos na Feira



As Sanluqueiras, no desfile

## Festas populares


Relación de festas nos concellos achegados a Ribadeo dos que se recolleron datos.

Ordenación segundo concello, Parroquia, e, no seu caso, barrio:

- 1. Ribadeo
  - 1.1. A Devesa
    - San Ramón
    - Santa Eulalia (A Concha)
  - 1.2. Arante
    - San Pedro
    - Romería das Cruces
  - 1.3. Cedofeita
    - A Madalena
  - 1.4. Couxela
    - San Xoán
  - 1.5. Cubelas
    - Os dolores
    - 1.5.1. As Anzas
  - O Carme
    - 1.6. Dompniñor
    - 1.6. Ove
  - San Xoán Bautista
  - 1.7. Piñeira
    - O Santo Cristo
  - 1.8. Remourelle
    - A Madalena
  - 1.10. Rinlo
    - San Pedro
  - 1.9. Ribadeo (Sta María do Campo)
    - Sta. María do Campo (patronais)
    - San Roque (copatronais)
  - Antroido
    - Xira a Sta. Cruz
  - Nosa Señora do Carme ("O Carme")
    - San Ramón
  - Festa da Virxe de Sta. Cruz


- 1.10. Santalla de Vilaosende
  - Sta. Tareixiña do neno Xesús
  - Santa Eulalia (A Concha)
  - As flores
  - O Sagrado Corazón de Xesús (desparecida)
- 1.11. Vilaframil
  - San Lourenzo
- 1.12. Vilaselán
  - Nosa Sra. de Vilaselán (Patronais)
  - San Antonio (copatronais)
  - O Carme
- 2. Barreiros
  - 2.1. Benquerencia
    - San Pedro
    - Nosa Sra. da Candelaria
    - Festa da terceira idade
  - 2.2. Celeiro
    - Santa Cristina
    - Festa da tortilla
  - 2.3. Insua
    - Santa Ana
  - 2.4. San Cosme
    - San Cosme
    - San Esteban
    - Corpus Christi ("O Corpus")
  - 2.5. San Miguel de Reinante
    - San Miguel (patronais)
    - Feira de San Rosendo
    - Santo Estevo de Pagá
    - Festa do Emigrante
  - 2.6. San Xusto
    - San Xusto
  - 2.7. Santiago de Reinante
    - Santiago
    - Festa da pataca
  - 2.8. Vilamartín Grande
    - O Carme
  - 2.8. Vilamartín Pequeno
    - O Carme
  - 2.8. Vilamar




- 
3. Trabada
  - San Xulián
  - Santo Rosario
  - San Bricio
  - San Marcos
  - Asunción
  - Santa María
  4. Vilanova de Lourenzá
  - San Marcial
  - San Antón
  - San Adriano
  - Santa Filomena
  - Conde Santo
  5. Mondoñedo
  - San Lucas
  - Santa Mariña
  - 5.1. Oirán
  - Os Milagres
  6. A Pontenova
  - Festa da Troita
  - 6.1 Conforto
  - Nosa Señora
  7. Riotorto
  - Santa Eulalia
- Doutras festas máis alonxadas dipóñense de datos, sen estar catalogados.

Estas páxinas foron posibles debido á participación maior ou menor de, entre outras, as seguintes persoas:

**Alumnos:**



Mónica Álvarez Bouso  
Natalí Balsa Fernández  
Nelly Bouso Gasalla  
Sandra Cagigal Gómez  
María del Carmen Cancio Mesa  
Sonia Cao Álvarez  
Raquel Carril y García-Bustelo  
Marcos Casielles Alonso  
Ramón Francisco Castro López  
Bonet Cid Salgado  
M<sup>a</sup> Antonia Docobo Fernández  
Elisa Dorrego Keiter  
David Fernández Maradona  
Tania Freije López  
Leticia García Chao  
Alberto García López  
Ana García Pestaña  
Carlos Gómez Pérez  
Rebeca Gómez Yáñez  
Ramón González Barcia  
Diana Grandío Moirón  
Javier Gutiérrez Alonso  
Ana Belén Hermida Iglesias  
Carmela Lamas Pérez  
Marta Llenderozos  
Xesús López Fernández  
Javier López López  
Vanessa López López  
Ánxela López Pulpeiro  
Concepción López Seijas  
Fátima López Soto  
Antonio Luna Jartín  
Begoña Machado Prieto  
Pablo Méndez Rodríguez  
Alicia Méndez Santamarina



Paloma Miranda Valiña  
Juan A. Peña Villapol  
Natalia Pérez Rivas  
Tania Piedra Méndez  
María Prieto Vázquez  
Santiago Prieto Vázquez  
Mónica Reigosa Sanjurjo  
Diana Rey Resúa  
Martín Rocha García  
Javier Rodríguez Alonso  
José Daniel Rodríguez Martínez  
Eva Rubal Neira  
Sandra Santamarina Fernández  
Sara Torviso Rodríguez  
Noa Veiguela Fernández  
Susana Villaveirán Fernández  
Miriam Vilar Álvarez

**Dirixidos polos profesores:**

Isabel López Fernández  
Julia Gallego Rodríguez  
Antonio Gregorio Montes

**Coa colaboración de:**

Josefa Mosqueira Rañón  
Edelmira M<sup>a</sup> Parga Valiña  
Xoan Xosé Súa Fernández

**E coordinados por:**

Antonio Gregorio Montes

Asemade, participaron diversas personas coas súas colaboracións, presentadas de xeito firmado no texto. E colaboraron moitas máis que non aparecen... gracias a todos.

Este libro se terminó  
de imprimir en los  
talleres de Gráficas Ribadeo  
en Agosto de 2001.